



DATOS IDENTIFICATIVOS

Lexicografía, semántica e ontoloxías do español

Materia	Lexicografía, semántica e ontoloxías do español			
Código	V01G430V01310			
Titulación	Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento				
Coordinador/a	Anaya Revuelta, Inmaculada			
Profesorado	Anaya Revuelta, Inmaculada Rodríguez Barcia, Susana			
Correo-e	ianaya@uvigo.es			
Web	http://https://moovi.uvigo.gal/			
Descrición xeral	A materia ten como obxectivo afondar nas bases teóricas e prácticas da lexicografía e da semántica do español.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	Descrición
A3	Que o estudantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B3	Capacidade no manexo das novas tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao campo dos estudos lingüísticos e literarios.
B5	Capacidade do estudantado para comprender as interrelacións pertinentes entre os diversos ámbitos de estudo que integran o título.
B9	Posuír as habelencias de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando de xeito autónomo baseándose nos coñecementos adquiridos e no uso das novas tecnoloxías.
C7	Capacidade para aplicar os recursos dixitais á produción, corrección, edición e análise dos discursos tanto escritos como orais.
C8	Coñecemento das bases teóricas, os conceptos e os métodos (fonéticos, gramaticais, semánticos e pragmáticos) da análise lingüística aplicadas ás linguas do grao.
C11	Capacidade para avaliar e habilidade para empregar ferramentas e recursos dixitais e presenciais para a procura e xestión de información no ámbito das linguas ou as literaturas do grao.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecer as principais fontes e ferramentas lexicográficas do español.	A1	B1	C5	D1
	A2	B2	C6	D2
	A3	B3	C7	D4
	A4	B4	C11	D5
	A5	B5	C15	D6
	A5	B9	C16	

Coñecer os principios fundamentais da lexicografía.	A2	B2	C8	D1
	A3	B3	C8	D2
	A3	B4	C11	D5
	A4	B5		
	A5			
	A5			
Desenvolver os conceptos da lexicografía na técnica lexicográfica.	A1	B1	C1	D1
		B3	C7	D5
		B9		
Coñecer os principios e conceptos básicos da semántica.	A1	B1	C1	D1
	A3	B5		D5
	A5			
Describir as relacións léxicas e ontolóxicas na linguaxe.	A3	B2	C2	D1
	A5	B5	C11	
		B9		

Contidos

Tema	
Tema 1. Os dicionarios do español actual	1.1. A estrutura do dicionario 1.2. Consultar o dicionario na actualidade
Tema 2. Ferramentas para a elaboración dos dicionarios	2.1. Principais corpus do español actual 2.2. Retos e desafíos da lexicografía actual
Tema 3. Principios da semántica	3.1. A semántica cognitiva 3.2. As relacións semánticas
Tema 4. Ontoloxías	4.1. Construción de redes de significado 4.2. Ontoloxías e linguas especializadas

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	26	30	56
Presentación	8	24	32
Resolución de problemas de forma autónoma	8	19	27
Debate	8	16	24
Traballo tutelado	0	9	9

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Presentación dos resultados esperados, contidos e forma de avaliación tanto continua como única.
Lección maxistral	Exposición por parte das docentes dos contidos da materia.
Presentación	Trátase dunha exposición oral formal sobre un tema previamente desenvolvido. A duración da exposición concretarase na clase en función do número de alumnado que opte pola avaliación continua.
Resolución de problemas de forma autónoma	Trátase de probas escritas propostas na aula sobre os contidos da materia, en especial sobre as lecturas recomendadas en clase.
Debate	A actividade consiste nun debate realizado na aula a partir dunha lectura escollida previamente (dispoñible en Moovi). Tres días antes do debate, o alumnado deberá subir un documento a Moovi cun resumo da lectura, unha avaliación crítica e a formulación de cinco preguntas sobre o tema abordado.
Traballo tutelado	Traballo escrito sobre un tema de semántica.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Presentación	Para a realización desta actividade, o alumnado poderá reunirse coa docente en horario de titorías ou fixar reunións adicionais.
Debate	Para a realización desta actividade, o alumnado poderá reunirse coa docente en horario de titorías ou fixar reunións adicionais.
Traballo tutelado	Para a realización desta actividade, o alumnado poderá reunirse coa docente en horario de titorías ou fixar reunións adicionais.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
		A3	B3	C11
Presentación	25	A3 A5	B3 B5	C11
Resolución de problemas de forma autónoma	25	A5	B9	C7 C8
Debate	25	A3 A5	B5 B9	C7 C8
Traballo tutelado	25	A3 A5	B5	C7 C8

Outros comentarios sobre a Avaliación

Avaliación continua

Este é o método recomendado de avaliación e o máis adecuado. O alumnado deberá cumprir cos catro apartados de dita avaliación.

Avaliación única

Aquel alumnado que, por algunha causa, prefira a avaliación única, fará un exame ao final do cuadrimestre na data oficial que indica a FFT.

Segunda edición de actas

O alumnado que teña que presentarse a esta edición terá que entregar nas datas que marque a FFT o traballo escrito sobre un tema de Semántica (25%) e facer unha presentación oral na data establecida pola profesora (25%). O 50% restante será avaliado por un exame escrito.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Croft, W. y D. Alan Cruse, **Lingüística cognitiva**, Akal, 2004

Molina, Itziar., **Diseño de una ontología aplicada a la lexicografía histórica digital**, 2023

Porto Dapena, A., **Manual de técnica lexicográfica**, Arco Libros, 1992

Rodríguez Barcia, Susana, **Introducción a la lexicografía**, Síntesis, 2016

Recomendacións

Outros comentarios

Para alumnado de intercambio recoméndase un nivel B2 de español.